



PLAN DIXITAL

Escola Oficial de Idiomas de Lugo

Versión 1.0_ xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do plan
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Escola Oficial de Idiomas de Lugo (código: 27015955)

Rolda Xosé Castiñeira núm. 1

27002 Lugo

Tel: 982 829 230

eoilugo@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.gal/centros/eoilugo/>

www.instagram.com/eoidelugo/

www.facebook.com/eoilugo/

www.twitter.com/eoidelugo/

t.me/EOILugo

A EOI de Lugo é un centro de ensinanzas de réxime especial dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Empezou a súa andaina no ano 1987, creada polo Decreto 144/1987, do 4 de xuño, e autorizouse a súa posta en funcionamento pola Orde do 16 de setembro de 1987, (DOG 8 de outubro). Ocupou provisionalmente varios centros da cidade e, no mes de outubro do 2001, inaugura a súa sede propia no número 1 da rolda Xosé Castiñeira de Lugo.

O número de alumnado do curso 2021/2022 é de 2233 persoas, 60 dos cales estudan na Extensión de Sarria.

Na nosa escola pódese estudar alemán, chinés, francés, galego, inglés, italiano e portugués en distintas modalidades e niveis, que especificamos a continuación:

1. Cursos ordinarios

O plan de estudos destes idiomas artículase en tres niveis e 5,7 ou 8 cursos:

	Nivel básico		Nivel intermedio			Nivel avanzado			
	Duración en cursos académicos								Total
Alemán	A1	A2	B1.1	B1.2	B2	C1.1	C1.2	C2	8 anos
Inglés	A1	A2	B1	B2.1	B2.2	C1.1	C1.2	C2	8 anos
Francés									
Italiano	A1/A2	B1	B2.1	B2.2	C1.1	C1.2	C2	7 anos	
Portugués									
Chinés	A1	A2.1	A2.2	B1.1	B1.2	B1.3	B2.1	B2.2	8 anos
Galego	A1/A2	B1	B2	C1	C2	5 anos			

Durante o curso 2022-2023, na escola de Lugo impartiranse os seguintes niveis:

- Alemán – ata C1.2

- Chinés – ata B1.1 (normalmente ata B1.3)
- Francés – ata C1.2 (integrado – tamén é posible facer A1 e A2 nun ano)
- Galego – A2 / B1 /B2 / C1
- Inglés – ata C2
- Italiano – ata C2 (integrado – tamén é posible facer A1 e A2 nun ano)
- Portugués A2 / B1 /B2 /C1 / C2

Os cursos ordinarios poden ser:

- presenciais: 120 horas de duración, de setembro a xuño, repartidas en dúas sesións semanais de 2 horas.
- semipresenciais: 120 horas de duración, de setembro a xuño. Teñen 2 horas de clase semanais presenciais e alomenos dúas horas de traballo en liña.

2. Cursos de actualización e especialización para o profesorado

- Cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC): Son cursos organizados en colaboración co Centro de Formación e Recursos de Lugo (CFR). A oferta de cursos varía dependendo da lingua. A partir do curso 22/23, de 60 horas de duración, de febreiro a xuño, de nivel básico, intermedio e avanzado.
- Cursos de formación en inglés ou francés para a mellora da competencia lingüística e comunicativa en lingua estranxeira do profesorado: Dentro da Fase A do Programa integral de aprendizaxe das linguas estranxeiras (PIALE), (75 horas).
- Cursos CFR de Introducción á lingua e á cultura chinesas.

3. Cursos específicos de galego: Organizados en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística: Hai cursos de linguaxe administrativa galega de niveis medio e superior, de 75 horas de duración, dirixidos a funcionariado e tamén cursos de 60 horas de duración preparatorios para examinarse dos certificados de lingua galega (CELGA).

4. That's English!: A EOI de Lugo é centro de apoio titorial do programa That's English!, que permite estudar inglés a distancia.

5. Alumnado libre: No mes de decembro ábrese o período de matrícula para as persoas que queren obter os certificados da EOI examinándose por libre (sen dereito a asistir ás clases). O alumnado libre pode matricularse en calquera nivel das probas de certificación.

Persoal Docente no curso 2021/2022

Idiomas	Prazas creadas	Nº total de profesorado	Profesorado con destino definitivo na EOI de Lugo	Profesorado que ocupa a súa praza na EOI no curso 21/22	Prazas ocupadas por profesorado itinerante
Alemán	2	3	1	1	2
Francés	3	3 ½	1	1	2 ½
Galego	2	4 ½	0	0	4 ½
Inglés	15	17 (1)	11	11	6
Italiano	3	3	3	2	1

Portugués	3	3	2	2	1
Total	29	36	19	18	17

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Contexto e características do centro

A provincia de Lugo, aínda que a máis extensa das catro provincias galegas, é a terceira en número de habitantes (330.000, aproximadamente) dos cales arredor do 30 % viven na capital. A cidade de Lugo, conta pois con aproximadamente 98.000 residentes. Na actualidade, a provincia conta con catro escolas oficiais de idiomas (Viveiro e Ribadeo na costa lucense) Lugo e Monforte (na zona centro e sur da provincia), ademais de tres extensións, dende o curso 2012-13, en Burela e Sarria, dependendo respectivamente da EOI de Viveiro e de Lugo e, dende o curso 2017-2018, da extensión de Chantada, que depende da EOI de Monforte.

A Escola Oficial de Idiomas de Lugo (código: 27015955) está situada na entrada sur da cidade, cunha gran densidade de poboación estudiantil: alumnado dos Conservatorios Profesionais de Música e Danza, Campus Universitario (en que destaca a Facultade de Veterinaria), Escola de Arte e Deseño Ramón Falcón e varios centros educativos de educación secundaria e de formación profesional. Tanto o alumnado como o persoal destes centros está amplamente representado entre o noso alumnado.

A esixencia dun nivel B1 de dominio dunha lingua estranxeira ao remate da carreira universitaria e un mercado laboral cada vez máis globalizado que supón, en moitos casos, manter contactos con empresas no estranxeiro ou mesmo ter que emigrar, en particular aos países do norte de Europa, (Alemaña, Reino Unido, Suiza e Francia) para conseguir un emprego, son tantos motivos para iniciar ou profundizar o estudo dunha ou varias linguas estranxeiras nunha EOI.

Por outra banda, a vantaxe de estar a menos de 10 minutos do centro histórico de Lugo e de ser a única EOI que ofrezca o estudo de seis linguas estranxeiras, ademais do galego, nun radio de case 100 quilómetros, favorece que no noso centro o alumnado pertenza tanto ao eido urbano como ao rural.

No curso 2019-2020, 349 alumnos do centro residían fóra do municipio de Lugo e 44 de fóra da provincia de Lugo, para moitos, vir á EOI de Lugo supón desprazamentos longos, o que representa un esforzo e un sacrificio case diario, que se ten en conta nalgúns aspectos relacionados coa organización do centro, como a oferta de intensivos en catro días e curso ordinarios en dous días. Dende o curso 2012-13, a apertura da extensión de Sarria, pretende reducir o hándicap das distancias, neste caso, para o alumnado residente na zona sur da provincia, é dicir, entre Lugo e Monforte.

A Escola Oficial de Idiomas de Lugo tenta responder ás necesidades dunha poboación que se desenvolve principalmente no sector terciario e o sector de servizos, nun mundo marcado polas novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), pola investigación no campo da saúde e en materia agroalimentaria.

Lugo caracterízase tamén por unha importante presenza hoteleira. Grazas ao atractivo histórico-monumental e ao paso polo centro da cidade do Camiño de Santiago (Camiño primitivo) e só a uns 20 quilómetros do Camiño francés, os comerciantes de Lugo e dos seus arredores teñen que atender a diario unha gran cantidade de peregrinos e turistas estranxeiros. Para estes profesionais, aprender idiomas na Escola Oficial de Idiomas é a oportunidade de mellorar a imaxe do pequeno comercio e a calidade da atención cara ao público estranxeiro.

Por outra banda, temos na EOI de Lugo un bo número de funcionarios relacionados co campo da saúde e das forzas de seguridade. A respecto da idade, existe unha heteroxeneidade importante entre o alumnado do centro (dende os 14 anos ata xubilados).

Debido a que a maioría son cidadáns en idade laboral ou que cursan estudos en distintos niveis, a escola convértese nun lugar en que o alumnado procura unha formación complementaria ou a mellora do seu currículo académico. Existe tamén unha porcentaxe máis baixa de alumnado que simplemente aprende un idioma por pracer, para poder viaxar con máis autonomía ou para manter unha actividade intelectual.

Finalmente, o denominador común do noso alumnado é a motivación que o move a matricularse na EOI, en que o noso ensino non é obrigatorio, ben sexa para completar a súa formación académica ou polo pracer de adquirir unha ou varias linguas distintas da súa propia, que lle abren novos horizontes insospeitábeis.

Sinais de identidade e formulacións educativas expresadas no Proxecto Educativo

- A Escola Oficial de Idiomas de Lugo réxese polos principios constitucionais de igualdade, liberdade, xustiza, pluralismo, respecto á dignidade e dereitos da persoa, aconfesionalidade e non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outro motivo.
- Propugna, así mesmo, a integración de alumnado de toda condición e procedencia, coa única limitación dos requisitos académicos, de idade e de residencia legal en España que están establecidos para a matrícula.
- Fomenta a participación de toda a Comunidade Escolar na xestión democrática do centro na forma establecida na lexislación vixente.
- Suscítase a boa convivencia no centro de traballo como un obxectivo fundamental que se aspira a cumprir mediante o diálogo, o respecto mutuo, a solidariedade, a responsabilidade, o esforzo e a colaboración.
- Pretende reflectir a súa vocación de servizo á sociedade adaptando a súa oferta educativa, o seu funcionamento administrativo e a súa metodoloxía didáctica ás demandas sociais.
- Está aberta ás novas correntes metodolóxicas e aos avances tecnolóxicos que poidan renovar os seus métodos, materiais e recursos didácticos.
- A vocación principal do centro de abrir oportunidades de comunicación, cultura, emprego e información aos habitantes de Lugo e da provincia no resto do mundo, e máis concretamente na nosa contorna europea, así como de axudar aos cidadáns estranxeiros residentes en Lugo no seu proceso de integración.
- Relacionado con iso, os idiomas cumpren a función de axudar a superar prexuízos contra outras culturas e a superar unha visión localista e limitada propia de comunidades pechadas e pequenas. Nese sentido, esta escola atopa outra das súas razóns de ser en facilitar o acceso a outras formas de pensar, a outras tradicións culturais, a xeitos diferentes de concibir a vida; e ampliar así o horizonte da cultura local.
- Esta escola é un foro de encontro intercultural e interxeracional: intercultural, porque os idiomas representan e transmiten culturas, e porque nas súas aulas se integran individuos procedentes de distintos contextos culturais. É interxeracional, porque en moitos grupos coincide alumnado de moi distintos grupos de idade, o cal, aínda que ten os seus inconvenientes didácticos, ten grandes vantaxes de socialización nunha sociedade que ofrece tan poucos foros de encontro ás distintas xeracións.
- Ademais, recollendo as respostas do alumnado sobre as súas motivacións para estudar idiomas nesta Escola, dedúcense varias funcións sociais que cumpre o noso centro:
 - Facilitar o desenvolvemento dos intereses persoais dos individuos, contribuíndo ás aspiracións de realización persoal de cada un e á animación sociocultural da comunidade.

- Complementar a formación académica de estudantes e traballadores, provendo un ensino facilmente accesible e de calidade.
 - Prover formación profesional a colectivos profesionais e, en particular, ao profesorado (segundo dita a Loe 2/2006 no seu artigo 60).
 - Ofrecer unha ferramenta sumamente útil para permitir o contacto con outros países e culturas e viaxar fóra das nosas fronteiras.
 - Favorecer relacións sociais entre persoas procedentes de moi diversos contextos.
- Para rematar, as Escolas Oficiais de Idiomas cumpren unha función moi práctica como é acreditar a competencia alcanzada con certificados oficiais recoñecidos en todo o territorio español e no ámbito da Unión Europea.

Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo

O Plan dixital debe contribuír á consecución dos obxectivos que se marcan no Proxecto Educativo e estar en consonancia cos sinais de identidade e as formulacións educativas expresadas neste documento. A Escola Oficial de Idiomas de Lugo vén desenvolvendo durante os últimos anos un labor de dixitalización do centro en diversas liñas de actuación. Os obxectivos de cada ano académico estaban expresados ata o momento dentro da Programación Xeral Anual. Existe xa, desde hai uns vinte anos, a figura do Equipo TIC. Os labores deste equipo foron cambiando nos últimos anos, adaptándose ás novas necesidades.

Podemos dicir que se pasou gradualmente de dedicar a maior parte do esforzo a adquirir material actualizado e resolver incidencias, a realizar labores de creación e xestión dos recursos materiais e dixitais, xestión da aula virtual, creación de tutoriais para o profesorado e para o alumnado para o uso e manexo de ferramentas dixitais. Neste momento, estase a dar o gran salto organizativo cara a un equipo que gañe importancia na vida da comunidade educativa.

Este plan axudará especialmente a fomentar a participación de toda a comunidade escolar na xestión democrática do centro na forma establecida na lexislación vixente e a mellorar a boa convivencia no centro de traballo como un obxectivo fundamental que se aspira a cumprir mediante o diálogo, o respecto mutuo, a solidariedade, a responsabilidade, o esforzo e a colaboración. O Plan dixital debe contribuír a conseguir este obxectivo poñendo á disposición da comunidade ferramentas colaborativas que faciliten o entendemento entre as persoas que integran a comunidade.

Tamén é evidente a súa axuda a adaptar a súa oferta educativa, o seu funcionamento administrativo e a súa metodoloxía didáctica ás demandas sociais, facilitando as xestións e os estudos en liña. A través da posta en marcha do Plan dixital, pretendemos, desde logo, abrir a escola ás novas correntes metodolóxicas e aos avances tecnolóxicos que poidan renovar os seus métodos, materiais e recursos didácticos.

O feito de que a vocación principal do centro sexa abrir oportunidades de comunicación, cultura, emprego e información aos habitantes de Lugo e da provincia no resto do mundo, e máis concretamente na nosa contorna europea, así como de axudar aos cidadáns estranxeiros residentes en Lugo no seu proceso de integración, non sería concibible sen unha maior concieciación e educación dixital dos membros da comunidade educativa.

Especialmente, se temos en conta que os idiomas cumpren a función de axudar a superar prexuízos contra outras culturas e a superar unha visión localista e limitada propia de comunidades pechadas e pequenas, non será difícil comprender que o mellor xeito de facilitar o acceso a outras formas de pensar,

a outras tradicións culturais, a xeitos diferentes de concibir a vida, e ampliar así o horizonte da cultura local será a través da alfabetización dixital.

Os obxectivos que marcamos para este primeiro ano de Plan dixital están especialmente relacionados coa comunicación e a colaboración entre pares, favorecendo o uso das plataformas corporativas para o intercambio de experiencias e o traballo colaborativo, ademais de promover a avaliación entre pares.

Integración do Plan dixital con outros proxectos do centro e contribución á PXA 22/23

Entre as liñas prioritarias do PLAMBE atópase a contribución activa a este Plan dixital, promovendo a creación de grupos de apoio ao alumnado con dificultades no uso das ferramentas dixitais, aproveitando o Programa de Voluntariado, en que participamos xa desde hai anos.

A participación do centro en dous proxectos europeos Erasmus+ mellorou considerablemente a competencia dixital do profesorado do centro, o que contribuíu indirectamente á alfabetización dixital do alumnado.

Intimamente relacionado co proxecto *Sblendid*, proxecto Erasmus+ en colaboración coas outras escolas de Galicia, está a implantación de cursos semipresenciais na nosa escola, ampliando cada vez máis esta oferta para adaptarnos cada vez máis ás novas demandas do alumnado.

Os obxectivos deste Plan dixital formarán parte da Programación Xeral Anual do curso 2022-2023. Contribuirán, ademais, de xeito palpable ao cumprimento dos demais obxectivos que se propoñan na Programación Xeral Anual, e axudarán a súa avaliación.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Este Plan Dixital baséase na seguinte lexislación:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

Tal e como contempla o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes, para unha transición á aprendizaxe na era dixital, é esencial que os centros educativos modernicen as súas prácticas de ensino e aprendizaxe para aproveitar o potencial das tecnoloxías de aprendizaxe dixital como facilitadoras de experiencias de aprendizaxe máis eficaces.

Os centros educativos forman parte dun mundo en cambio permanente e dunha sociedade e mercado laboral cada vez máis dixitalizado. Por iso, debemos dar resposta a esas necesidades e demandas para poder formar cidadáns coas competencias necesarias para desenvolverse nun contorno dixitalizado.

A educación é un recurso clave para asegurar a igualdade social, a promoción das persoas e a mellora das condicións de vida de comunidades e persoas. Por iso, é necesaria unha transformación dos sistemas educativos e formativos que garanta a adquisición de competencias dixitais.

Por outra banda, os centros educativos teñen a necesidade de revisar as súas estratexias para mellorar a súa capacidade de innovación e para poder sacar o máximo rendemento ás tecnoloxías da información e comunicación, e dos recursos dixitais.

Cumprindo estes requisitos favoreceremos unha educación aberta, flexible e que permita aos nosos cidadáns e cidadás desenvolver as habilidades que precisen para se integrar no mercado laboral Europeo.

Este plan dixital pretende recoller accións e iniciativas en prol do fomento da competencia dixital do noso centro. É importante sentir ao centro como unidade transformadora e en constante movemento que nos permita implementar un plan de acción holístico tal e como se recolle no Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes.

1.4. Proceso de elaboración

O equipo responsable da elaboración do Plan Dixital do Centro está constituído por oito profesoras e profesores da Escola Oficial de Idiomas de Lugo. Este equipo está formado por:

- a coordinadora do Plan Dixital, Sonia Fernández Augusto.
- tres membros do equipo directivo:
 - o director, Fernando Vázquez López
 - a vicedirectora, María José Veiga Díaz
 - a xefa de estudos, Elena Longo González
- a coordinadora de formación, Ana Belén López Pérez
- a responsable de biblioteca, Angelina Gema Fernández Bermúdez
- a coordinadora das redes sociais na escola, Fátima Fugarolas López
- a profesora do Departamento de Galego, Ana Ayán Álvarez

A liña de traballo Plan dixital do centro. Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en Rede a través de espazos virtuais. Educación Dixital promovida polo CFR facilitou a creación deste grupo de traballo, encargado de deseñar o Plan Dixital.

A presenza do equipo directivo neste grupo de traballo é fundamental porque pode achegar unha visión global da situación do centro tanto durante a fase de deseño e planificación como durante a fase de implementación do plan. Ademais, posúe a capacidade de mobilizar recursos da organización e de xerar liderazgos distribuídos que permitan o cambio atendendo a principios democráticos.

Así mesmo, a inclusión das coordinadoras de formación, biblioteca e redes sociais resulta interesante, xa que contribuirán activamente desde os seus cargos a diferentes aspectos da implementación do plan. Por unha parte, o equipo de formación atenderá as necesidades do profesorado. Por outra, a biblioteca, como centro de recursos dixitais da escola, xogará un papel decisivo na formación dixital do alumnado. Finalmente, as redes sociais difundirán o plan entre a comunidade educativa.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Actualmente, o noso centro conta con 18 aulas totalmente dixitalizadas, repartidas en dous andares: seis no primeiro andar (numeradas do 1, 1B ao 5) e 12 no andar inferior (numeradas do 6 ao 16, salvo a aula 7 dividida en 7 e 7B). Todas están convenientemente dotadas de equipos informáticos e mais encerados dixitais e altofalantes.

Para fomentar a aprendizaxe autónoma, a escola dispón dun espazo sempre aberto ao alumnado con oito computadores en que se atopa un documento de cada departamento con ligazóns útiles para a autoaprendizaxe. Ademais hai dous postos na biblioteca e catro máis no corredor de abaixo para o uso do alumnado.

Para ofrecer un xeito de aprendizaxe que resulte relevante para a vida actual e futura do alumnado e para as necesidades actuais e futuras da sociedade en que se desenvolve, o profesorado emprega as tecnoloxías da comunicación e da información actuais habitualmente na aula, proporcionándolle ao alumnado a oportunidade de facelo tamén na escola, se non ten a posibilidade de facelo fóra dela. Deste xeito dáselle acceso á información e aos materiais auténticos. Ademais de facelo a través do encerado dixital, dispoñemos de vinte tabletas que o profesorado pode levar ás aulas, para traballar en grupos ou individualmente, e despois conectarse á pantalla

No primeiro andar, encóntrase, ademais a sala de informática con 10 postos dotados de micrófonos e auriculares, o salón de actos con encerado dixital e cunha capacidade para unhas 100 persoas.

Nas salas dos departamentos hai un ordenador de mesa, no departamento de inglés hai dous, e un portátil para cada lingua, e, finalmente, a sala de profesores, dispón de catro ordenadores de mesa para uso do profesorado, así como unha máquina multifunción, para escanear, fotocopiar e mais imprimir documentos.

Na planta de abaixo dispoñemos de catro ordenadores para o uso do alumnado no corredor da entrada e, na biblioteca, de encerado dixital, dous ordenadores portátiles e un lector de libros electrónicos para o uso do alumnado.

Para realizar os labores de xestión e administración, dispoñemos de dous ordenadores na oficina, un ordenador en cada despacho de dirección e un ordenador de mesa e un portátil na conserxaría.

Todas as aulas, os departamentos, os despachos de dirección e os outros habitáculos que se mencionan arriba teñen acceso a Internet por cabo. Ademais de haber conexión a Internet tamén está dispoñible a conexión de voz, aínda que só se usa nos despachos da dirección, nos departamentos didácticos e mais na sala do profesorado.

Tamén hai puntos de acceso á rede sen fíos distribuídos polos corredores do centro en ambos os andares e mais un na biblioteca. Para acceder á rede sen fíos é necesario dispoñer dun usuario de edu.xunta, polo que o alumnado non pode conectarse a esta rede. Xa que nos tempos que corren, o uso de Internet na aula é imprescindible, nas aulas que dispoñen de encerado dixital tipo tableta hai unha rede sen fíos interna á que se pode conectar o alumnado e o profesorado.

Software

Os ordenadores das aulas e mais os dos departamentos están conxelados co fin de que protexelos da entrada de virus a través de Internet. Os programas dos que dispoñemos, son os seguintes:

Nas aulas: os libros de texto en versión dixital, navegadores de Internet, procesadores de texto e lectores de arquivos de audio e video de libre distribución, o software da pantalla dixital, programas para abrir documentos en PDF, programamas de gravación e edición de son, entre outros.

Nos departamentos: ademais dos programas que hai nas aulas, tamén está o Androsa Fileprotector para encriptar e desencriptar as probas.

Na oficina contamos, ademais, co programa Codex, para a xestión do alumnado e o profesorado.

Na biblioteca, de Koha, para a xestión do catálogo e dos usuarios.

Servizos dixitais educativos

Para mellorar a o proceso de aprendizaxe, tanto do alumnado como do profesorado

- *Para impulsar e fomentar a participación do centro en proxectos europeos*, de intercambios de alumnos de profesorado, empréganse as plataformas informáticas como **ePALE**, **eTwinning** e outras que favorecen os intercambios internacionais.
- *Para fomentar a autonomía do alumnado na aprendizaxe*, o profesorado apoia o seu traballo na aula, poñendo á disposición do seu alumnado materiais en liña, xa ben sexa a través da **aula virtual corporativa (Moodle)**, ou a través de blogs, nubes, redes sociais ou mesmo do correo electrónico.
- *Para impulsar a innovación e facilitar a formación do profesorado* tamén se emprega a **aula virtual** do centro, que proporciona espazos de creación de materiais e alberga materiais e recursos de interese para o profesorado.
- *Para fomentar a realización no centro de actividades de formación e perfeccionamento pedagóxicos en que poidan participar todos os membros do claustro*, está a disposición de todo o profesorado, nas **aulas virtuais** que se cren para iso, os recursos cos que se traballe nas actividades de formación do profesorado que se realicen no centro. A coordinación TIC organiza actividades de formación concretas para aquelas persoas que o precisan en colaboración coa Vicedirección do centro, especialmente ao comezo do curso.
- *Para difundir prácticas de aforro e de reciclaxe de papel*, adecuando as novas tecnoloxías ao funcionamento interno de forma que se reduza o consumo de papel e se axilicen os trámites, promóvese o uso de **ferramentas e recursos virtuais**, aproveitando o material TIC de que dispoñemos nas aulas concretamente e no centro en xeral.
- *Para proporcionar ao profesorado os medios e condicións que lle permitan desenvolver unha acción educativa de calidade*, coidamos especialmente que todo o profesorado teña acceso a ás **ferramentas e recursos informáticos** de que dispoñemos.

Para potenciar os mecanismos de comunicación apropiados que garantan unha adecuada información sobre as decisións, actividades e proxectos relacionados cos distintos sectores da comunicación escolar, tanto dentro como fóra do centro, estableceranse diferentes protocolos que se darán a coñecer entre os diferentes sectores da comunidade co fin de que a información chegue a todos os destinatarios do xeito máis eficaz:

- *Promoción de actividades:* Publicación na **páxina web** e mais na **aula virtual**, para que esta información estea dispoñible tanto para o alumnado como para o público en xeral. Ademais, as actividades difúndense a través das **redes sociais (Instagram, Telegram, Twitter e Facebook)** e, se é o caso, a través do **blog da biblioteca (Ratos de Rochoteca)**. Para un contacto mais directo co profesorado e co alumnado, tamén se envían mensaxes por **correo electrónico** coa información sobre cada actividade ao profesorado.
- *Información académica,* enquisas de valoración, ausencias do profesorado: **CentrosNet** é o xeito de comunicación co alumnado, para facilitarlle todo tipo de información académica, como por exemplo, as datas dos exames. A través de CentrosNet tamén se realizan enquisas de valoración (como, por exemplo, a da PXA) e comunícanse as ausencias do profesorado.
- *Para potenciar as estruturas de coordinación didáctica,* tanto de idioma, ciclo e curso, como dedepartamentos docentes, fomentando o traballo en equipo e o intercambio de experiencias, empréganse as **aulas virtuais e os espazos na nube alleos ao centro (Dropbox, GoogleDrive)**, polo que consideramos que ese é un punto que haberá que mellorar.

Xestión do mantemento do equipamento do centro

Nesta escola, dispoñemos dun equipo de TIC composto pola vicedirección, a responsable de redes sociais e, polo menos, outra persoa. Este equipo é moi escaso para atender convenientemente as necesidades do centro. O coordinador TIC debería ser o mesmo varios anos para que o seu traballo teña continuidade.

Ligazóns á documentación do centro e protocolos COVID, plan de continxencia etc.

Na páxina web do centro atópanse ligazóns a toda a documentación do centro, tanto á que se ten un período de validez máis extenso, como á documentación anual. Todas as ligazóns están na primeira páxina: <http://www.edu.xunta.gal/centros/eoilugo/>

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Enquisa SELFIE

Areas	Grupos	EOI LUGO
A -Liderado	Equipo Direct.	3,4
	Profesorado	3,3
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,9
	Profesorado	2,7
	Alumnado	3,2
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,4
	Profesorado	3,4
	Alumnado	3,1
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,3
	Profesorado	3,8
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,2
	Profesorado	4
	Alumnado	4,5
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4,1
	Profesorado	3,5
	Alumnado	3,4
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3
	Profesorado	3
	Alumnado	3,3
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,5
	Profesorado	2,8
	Alumnado	3,1

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	13	17	76,5%
PROVISIONAL	9	20	45%
INTERINO	3	5	60%
SUBSTITUTO	2	5	40%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
72,1	Integrador/a (B1)	76,5	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	3,7%
A2	12	44,4%
B1	8	29,6%
B2	4	14,8%
C1	2	7,4%
C2	0	0%
TOTAL	27	99,9%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e do TCDD, o grupo de traballo do Plan dixital xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Dispoñemos de dispositivos dixitais para o seu uso no ensino. (C1,2,3) 2. Dispoñemos dun eficaz equipo que solventa calquera problema informático. (C5) 	
	PERSONAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Existe un debate entre o equipo directivo e o profesorado sobre as necesidades de desenvolvemento profesional continuo no que se refire ao ensino con tecnoloxías dixitais. (D1) 2. O profesorado ten acceso a posibilidades de DPC (D2) 3. O profesorado busca recursos educativos en liña. (E1) 4. O profesorado crea recursos dixitais para reforzar o seu labor de ensino. (E2) 5. Empréganse entornos virtuais de aprendizaxe co alumnado. (E3) 6. Empréganse tecnoloxías dixitais para a comunicación no centro educativo. (E4) 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Apenas avaliamos o progreso en materia de ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. (B1) 2. Escaso debate sobre o uso da tecnoloxía. (B2). 3. Escaso uso da tecnoloxía para a colaboración con outras organizacións. (B3) 4. Escaso uso de tecnoloxías dixitais para a autorreflexión sobre a aprendizaxe. (G5). 5. Escaso uso de tecnoloxías dixitais para que o alumnado faga observacións construtivas do traballo dos compañeiros. (G6). 6. Escaso uso de tecnoloxías dixitais para a documentación da aprendizaxe polo alumnado. (G7) 7. Escaso emprego de datos dixitais para mellorar a experiencia de aprendizaxe. (G9)
	ALUMNADO		<ol style="list-style-type: none"> 1. Non se otorga con frecuencia recoñecemento cando se emprega traballo doutras persoas. (H6) 2. O alumnado apenas aprende a crear contidos dixitais. (H7) 3. Pouco ensino sobre o modo en que se debe actuar de maneira segura e responsable en Internet, así como o modo de verificar a información de internet. (H1-H3-H4) 4. No centro non dispoñemos de dispositivos portátiles para que o alumnado leve para casa cando sexa preciso. (C10)

			5. Gran diversidade e de necesidades no alumnado no centro, dificultando o establecemento de liñas comúns. (Non aparece no Selfie)
	OFERTA		1. Non contamos cunha estratexia dixital clara. (A1)
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>1. A infraestrutura dixital respalda o ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. (A2)</p> <p>2. O alumnado pode traer os seus propios dispositivos portátiles e usalos nas clases. (C13)</p> <p>3. O equipo directivo promove a innovación e a formación a través de liñas de actuación da Administración educativa (non SELFIE).</p>	<p>1. Escaso uso da tecnoloxía para a colaboración con outras organizacións. (B3)</p> <p>2. Escasa asistencia técnica cando xurden problemas coas tecnoloxías dixitais (C5)</p> <p>3. Escasas medidas para identificar as dificultades que xurden coa aprendizaxe mixta, necesidades económicas do alumnado e o seu contexto socioeconómico. (C11)</p> <p>4. O alumnado con NEE non ten acceso a tecnoloxías asistenciais. (C15).</p> <p>5. Falta de tempo para explorar o ensino dixital. (A4)</p>
	EXTERNOS	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>1. Oportunidade para manifestar á Administración as necesidades que precisa o centro. (NO SELFIE)</p> <p>2. Aposta da Administración Educativa pola formación e a innovación. (NO SELFIE)</p> <p>3. Investimento importante na dixitalización dos centros por parte da Administración Educativa. (NO SELFIE)</p> <p>4. Formación por parte da Administración Educativa para crear un Plan dixital idóneo nos centros educativos. (NO SELFIE)</p> <p>5. Oportunidade de petición de recursos humanos e materiais que melloren a competencia dixital do noso centro. (NO SELFIE)</p> <p>6. Reorganización do centro permitindo unha mellora na competencia dixital de toda a comunidade educativa. (NO SELFIE)</p>	
	LEXISLACIÓN		<p>1. Sistemas de protección de datos insuficientes. (C7).</p> <p>2. Descoñecemento e pouco uso dos dereitos da autor e licenzas de uso. (A5)</p>

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para elaborarmos o Plan de acción do noso centro, baseámonos nos resultados vertidos polas diferentes ferramentas empregadas ao longo do ano (SELFIE, TEST CDD, DAFO...), cotexados estes coas esixencias do Plan dixital e as propias necesidades do centro. Establecemos as áreas prioritarias de acción baseándonos naqueles aspectos que obtiveron unha puntuación máis baixa nas ferramentas empregadas. Dentro de cada área de acción, determinamos os obxectivos (específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal) que queremos conseguir. Os obxectivos están contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg. O resultado foron estas cinco táboas que comprenden o plan.

Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”	C. Infraestruturas e equipos				
OBXECTIVO 1	C5. Dispoñer de asistencia técnica suficiente no tempo, creando un equipo TIC cun coordinador/a con redución dun grupo de docencia.			Acadado	
				Non acadado	
Responsable	Inspección educativa, equipo directivo e coordinador/a TIC				
Indicador/es do OBXECTIVO	<p>Creación do equipo TIC Existencia de persoa coordinadora TIC con perfil técnico.</p> <p>Mellora da competencia do profesorado para solucionar pequenos problemas técnicos.</p> <p>Mellora da información sobre resolución de pequenos problemas técnicos.</p> <p>Creación da figura de titor entre iguais para problemas técnicos.</p> <p>Creación dun foro na aula virtual para solucionar problemas técnicos.</p>				
Valor de partida	Inexistencia dun equipo TIC, coordinador/a sen redución de docencia 4 incidencias TIC semanais				
Valor previsto	Existencia dun equipo TIC con persoal para horario de mañá e de tarde Redución nun 50% das incidencias rexistradas.		Data	Novembro 2022	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	Responsables	Data prevista fin	Recursos necesarios	Seguimentos das accións	
				Valoracións das accións	Estado
AO1.1: Busca dun soporte dixital para comunicar as	Equipo directivo e coordinador/a TIC	Novembro 2022			Realizada
					Aprazada

incidencias técnicas. Creación dun correo corporativo.					Pendente
A01.2: Formación sobre os problemas técnicos máis recorrentes a principio de curso	Equipo directivo e coordinador/a TIC	Novembro 2022	Persoa encargada de impartir a formación		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A01.3: Elaboración dun pequeno manual cos problemas técnicos máis frecuentes	Equipo directivo e coordinador/a TIC	Novembro 2022			Realizada
					Aprazada
					Pendente
A01.4: Creación dun foro na aula virtual para a resolución de problemas técnicos entre o alumnado.	Equipo directivo e coordinador/a TIC. Equipo de biblioteca	Novembro 2022	Alumnado voluntario Profesorado moderador do foro.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A01.5: Solicitar a inspección educativa a redución de docencia dun profesor/a que será encargado/a do equipo TIC	Equipo directivo	30/06/2022			Realizada
					Aprazada
					Pendente
A01.6: Nomear o coordinador/a e integrantes do equipo TIC	Equipo directivo	08/09/2022			Realizada
					Aprazada
					Pendente

“Área/s de mellora”		A. Liderado			
OBXECTIVO 2	A5. Coñecer as normas sobre dereitos de autor e licenzas de uso				Acadado
					Non acadado
Responsable	Equipo dinamización TIC encabezado pola persoa coordinadora				
Indicador/es do OBXECTIVO	Uso do recoñecemento dos dereitos de autor e licenzas de uso nos materiais usados para o ensino e aprendizaxe.				
Valor de partida	Escaso uso dos dereitos de autor e licenzas de uso				
Valor previsto	Uso xeneralizado dos dereitos de autor e licenzas de uso		Data	Remate do curso 2022/2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	Responsables	Data prevista fin	Recursos necesarios	Seguimentos das accións	
				Valoracións das accións	Estado
A02.1: Solicitar formación específica do uso de dereitos de autor e licenzas de uso	Equipo directivo, coordinador/a TIC e coordinador/a de formación	20/12/2022	CAFI e/ou CFR		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A02.2: Formar a totalidade do profesorado no uso sobre dereitos de autor e licenzas de uso	Coordinador/a de formación e profesorado de centro	31/05/2023	CAFI e/ou CFR e/ou formador/a do centro		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A02.3: Formar o alumnado no uso sobre dereitos de autor e licenzas de uso	Profesorado de cada grupo	31/12/2023	Aula virtual do centro		Realizada
					Aprazada
					Pendente

“Área/s de mellora”		B. Colaboración e redes			
OBXECTIVO 3	Usar plataformas corporativas (correo edu.xunta e Agueiro)				Acadado
					Non acadado
Responsable	Equipo directivo				
Indicador/es do OBXECTIVO	Uso xeneralizado das plataformas corporativas				
Valor de partida	Uso maioritario das plataformas non corporativas				
Valor previsto	Uso maioritario das plataformas corporativas		Data	31.05.2024	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	Responsables	Data prevista fin	Recursos necesarios	Seguimentos das accións	
				Valoracións das accións	Estado
A03.1: Formar o profesorado nos rudimentos básicos das redes corporativas	Equipo directivo, coordinador/a TIC e coordinador/a de formación	31/05/2023	Correo corporativo Rede Agueiro CAFI e/ou CFR		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A03.2: Usar de xeito xeneralizado as redes corporativas	Todo o profesorado	31/05/2024	Correo corporativo Rede Agueiro		Realizada
					Aprazada
					Pendente

“Área/s de mellora”	Prácticas de avaliación				
OBXECTIVO 4	G5 - Promover a autorreflexión do alumnado e a avaliación de pares			Acadado	
				Non acadado	
Responsable	Equipo directivo				
Indicador/es do OBXECTIVO	Número de rúbricas creadas, porcentaxe de asistencia do alumnado e porcentaxe de profesorado que incorpora estas técnicas de avaliación.				
Valor de partida	Sen datos previos				
Valor previsto	Grellas de autoavaliación para os niveis A1/A2 e B1.			Data	Xuño 2023
ACCIÓN A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	Responsables	Data prevista fin	Recursos necesarios	Seguimentos das accións	
				Valoracións das accións	Estado
AO4.1: Crear e compartir rúbricas de autoavaliación na aula virtual adaptando as grellas de avaliación dos distintos niveis.	Claustro	Fin do primeiro cuatrimestre do curso 22/23	Grellas de avaliación empregadas nos exames. Aula virtual do centro. Profesorado do centro.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO4.2: Incorporar tarefas de avaliación de pares nas aulas virtuais.	Claustro	Fin do curso 22/23	Aula virtual do centro (Tarefa ‘Obradoiro’). Profesorado do centro. Formación para o profesorado no uso da tarefa.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO4.3: Fomentar a participación e a autorreflexión do alumnado no seu proceso de aprendizaxe e así minimizar o abandono escolar	Claustro	Fin do curso 22/23	Grellas de avaliación empregadas nos exames e tarefa ‘Obradoiro’ na Aula Virtual. Profesorado do centro. Centrosnet como ferramenta de control de asistencia. Enquisa de valoración do alumnado.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Neste eido, o centro solicitará á AMTEGA, a través da UAC as seguintes melloras:

Infraestruturas:

- Infraestrutura de datos (conectividade a internet): Mellora da conexión a Internet, xa que non é posible conectarse varias persoas a un tempo desde o centro a unha videoconferencia.

Equipamento:

- Aulas dixitalizadas: con conectividade e posibilidade de visualización e interacción.
 - Necesitamos a actualización dos equipos, xa que moitos deles son moi vellos e, polo tanto, lentos e impiden moitas veces o normal desenvolvemento das clases.
 - Renovar o encerado dixital do salón de actos.
- Postos de traballo de xestión e administración do centro: Os equipos dos despachos do equipo directivo están desactualizados, co sistema operativo Windows 7 e coa consecuente lentitude operativa. O ordenador portátil da Conserxaría ten ao redor de quince anos, co cal o seu servizo é moi reducido.
- Uso na biblioteca: para xestionar o catálogo de libros, como consulta. Precisaríamos novos ordenadores portátiles ou ultraportátiles para facilitar o labor de consulta ao alumnado.
- Equipos para uso na sala de profesorado e departamentos. Os equipos dos departamentos teñen xa tamén uns dez anos de uso e van moi, moi lentos.
- Aula(s) de informática. Actualización dos dez equipos da aula de informática e os oito equipos do espazo de reforzo.

Servizos dixitais educativos

- Incorporación das escolas de idiomas ao Xade
- Creación dunha App de correo, para poder prescindir totalmente do Gmail e outras plataformas non corporativas. (Aínda que o centro non emprega outras plataformas de correo, se o profesorado quere ter acceso desde o móbil ao correo corporativo debe empregar outras plataformas, polo que prefire que se lle envíen os correos directamente a eses enderezos, ou ben os redirixe a estas plataformas). A tendencia debería ser prescindir totalmente doutros servidores.
- Actualización da páxina web (Drupal). A imaxe corporativa das páxinas web deixa moito que desexar e o traballo de subir e organizar a información é moi complexo.
- Actualización a aula virtual con ferramentas como o test live ou a creación autónoma de grupos para o alumnado.

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos realizarase seguindo os indicadores de consecución dos obxectivos que se especifican nas táboas do plan de acción e empregando as ferramentas de avaliación que se escolleron para cada obxectivo.

De todos os xeitos, distinguimos entre:

- **Avaliación procesual:** a frecuencia con que se realice será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos que se valorarán incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- **Avaliación final** a frecuencia en que se realice será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

Será o equipo directivo, xunto coa persoa coordinadora TIC os que se encargarán de revisar este plan trimestral e anualmente, para modificalo, melloralo e difundilo entre o profesorado e o alumnado.

5. Difusión do plan

O equipo directivo, xunto co equipo TIC difundirá o Plan dixital e as accións previstas para o curso 2022-2023, en primeiro lugar, na primeira reunión do claustro para o próximo curso. Para chegar mellor ao alumnado, difundirase a través da aula virtual, xa que esta última cobrou nos últimos anos unha vital importancia, converténdose así nunha ferramenta potente de difusión e comunicación co alumnado.

A maiores pendurarase na páxina web do centro.